

**BASES IV CERTAME DE PINTURA AO AIRE LIBRE ANTONIO FERNÁNDEZ DO CONCELLO DE TOMIÑO**

DATA DA CELEBRACIÓN: 20 Agosto

LUGAR: Parroquia de Goián en Tomiño

1. Poderán participar todas as persoas maiores de idade .
2. O tema será calquera paisaxe do percorrido establecido no plano que se entregará no momento do selado de soportes. O procedemento e a técnica serán libres.
3. A obra deberá realizarse ao aire libre e in situ.
4. A inscrición será gratuita e farase desde o día de publicación destas bases ata o sábado 19 de agosto (incluído) a través do linck <http://tomino.gal/certame-pintura/> da páxina do concello, Tomino.gal , e o día 20 de agosto de forma presencial de 09:30 a 11:30horas na Aula Museo Antonio Fernández.
5. As persoas inscritas deberán presentarse o día do certame entre as 9:30 e 11:30 horas na Aula Museo Antonio Fernández na praza Antonio Fernández de Goián – Tomiño co obxecto de que a organización sele e numere o soporte.
6. Cada participante deberá ir provisto de todo o material que poida necesitar para desenvolver a súa obra, incluído o cabalete ou soporte.

O soporte deberá ser ríxido (lenzo, taboleiro, etc.) e de 1 cm. de ancho como mínimo. Se presentará en branco sen textura e sen ningún tipo de marco, (mínimo de 50 x 50 cm -2.500 cm<sup>2</sup>- , e máximo de 100 x 100 cm. -10.000 cm<sup>2</sup>- ) Deberase pintar in situ e do natural.

7. As obras terminadas serán presentadas, sen asinar e xunto co cabalete, para súa exposición no Espazo Fortaleza no río, entre as 18:00 e 19:00 do mesmo día do certame co obxecto de que o xurado inicie a calificación das obras. Só se admitirá unha sola obra por artista.

As obras premiadas serán asinadas despois da entrega de premios.

8. O xurado, composto por personalidades vinculadas co mundo das artes e por membros das entidades patrocinadoras dos premios, reunirase a partir das 19 horas do mesmo día do certame e emitirá o fallo ás 19:30 horas.
9. Os premios establecidos serán os seguintes:
  - 1º Premio: 1.000 euros.

- 2º Premio: 500 euros.
- 3º Premio: 500 euros.

O 1º, 3º serán con cargo ao orzamento do Concello de Tomiño. O 2º Premio correrá a cargo da Comunidade de Montes.

Todos os premios están suxeitos á lexislación fiscal vixente, realizándose sobre ditas cantidades as retencións legalmente establecidas.

Para recoller os premios será imprescindible a presenza do autor ou autora ou dun certificado no seu nome.

Se o xurado o estimara oportuno algún dos premios podería quedar deserto.

10. Todas as obras premiadas pasarán a ser propiedade dos patrocinadores dos premios que se reservan o dereito de edición e reproducción das mesmas.
11. Os autores poderán recoller a obra o mesmo día do certame entre as 19:30 e as 20:30 horas, sendo requisito necesario presentar a copia da ficha de inscrpción.
12. As persoas participantes que o decidan poderán expoñer a súa obra no 1º andar do Mercado Municipal do concello de Tomiño, durante un periodo por determinar, co fin de atopar un posible comprador/a. Os/as artistas deberán facilitar os seus datos de contacto e o prezo da obra, a dita información será exposta ao público. O concello en ningún caso fará de intermediario nunha posible venda e serán as persoas interesadas as que contacten directamente cos artistas. O concello tamén queda exento de toda responsabilidade en canto á custodia e/ou seguro por roubo ou desperfectos de calquera das obras expostas.
13. O concello de Tomiño, que en todo caso velará pola boa conservación das obras, non se fai responsable de calquera continxencia que poidan sufrir tanto as obras como os materiais dos participantes durante o desenvolvemento do certame.
14. A participación neste certame supón a plena aceptación das presentes bases.

TOMIÑO, 15 de maio do 2017

Fátima Rodríguez González

Concelleira de Turismo, Patrimonio e Mocidade.